

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA  
DA PIEDADE

CURSO 2023-24

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 18/10/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:18/10/2023

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	4
3. OBXECTIVOS XERAIS DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	6
4.LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	6
5.DECISIÓN DO CENTRO CON RESPECTO Á LINGUA DAS MATERIAS.....	9
5A. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.....	10
6.MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.....	17
7.EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	19
8.PROGRAMA DE ACTIVIDADES.....	20
8.1. ACTIVIDADES .....	20
8.2.INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS SOCIOLINGÜÍSTICAS.....	24
8.3.INTERCAMBIOS CO CONTORNO.....	25
8.4.FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	25
8.5.OUTRAS ACTIVIDADES.....	26
8.6.SAÍDAS CULTURAIAS.....	26
9.PLURILINGÜISMO.....	27
10.AVALIACIÓN.....	28

## 1. INTRODUCCIÓN

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Proxecto lingüístico do centro (PLC) inclúese dentro da normativa que está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos os escolares e garantir a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste PLC baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Alén diso, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Este curso 2023/2024 elaboramos un novo PLC con base no Decreto 79/2010, do 20 de maio.


No CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade vimos desenvolvendo dende hai tempo unha ensinanza activa e participativa e o seu mellor expoñente é, no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a manipulación por parte do alumnado de cantos elementos de comprensión e expresión somos capaces de lles proporcionar, así como o descubrimento, mediante saídas programadas e outras actividades, da realidade ao seu alcance.

O que pretendemos é contribuír a que a lingua galega, patrimonio de todos os galegos e patrimonio da humanidade, acade o prestixio e a presenza social abondas que conduzan á súa transmisión normal de xeración en xeración.

## 2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O colexio está situado en Vila de Cruces, un municipio rural e interior que pertence á Comarca do Deza e á provincia de Pontevedra. Limita cos concellos coruñeses de Boqueixón, Touro, Arzúa e Santiso e cos municipios pontevedreses de Silleda, Agolada e Lalín. Esta vila está formada por 28 parroquias algunhas das cales son: Piloño, Portodemourois, Toiriz, Merza, Camanzo, Bodaño, San Pedro de Losón, etc.

A continuación situamos no mapa de Galicia, concretamente no centro o municipio de Vila de Cruces:



Segundo o padrón municipal este pobo conta con aproximadamente 5.000 habitantes dos cales o 65% viven nas parroquias, na zona rural. A actividade principal á que se dedican é o sector primario, aínda que algunhas familias teñen unha economía mixta por traballar tamén no sector industrial e servizos.

A maioría destas familias son galegofalantes, aínda que hai excepcións entre a poboación inmigrante que procede de diferentes países americanos, europeos africanos (Romanía, , Venezuela, Marruecos ...) e tamén doutras Comunidades Autónomas.

A lingua que habitualmente se emprega nas entidades municipais é preferentemente o galego.

### ➤ **A situación do profesorado**

En xeral o profesorado deste centro, constituído por un total de 19 mestres/as ten unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia; o nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é alto e presenta actitudes favorables cara á utilización desta lingua tanto na escola coma na súa vida cotiá.

O 100% do profesorado ten acadado o nivel CELGA 4 (preceptivo para o acceso á función docente), e a maiores tamén hai membros do claustro que posúen o nivel B2 desta lingua certificado pola EOI.

➤ **A situación do alumnado.**

O contacto diario co alumnado e algunhas familias permítenos facer unha valoración da situación sociolingüística bastante fiable. Así constatamos que en torno ao 75% dos alumnos/as son galegofalantes non só no ámbito educativo, senón na vida familiar e de ocio. A maioría deles tiveron a lingua galega como materna.

Os criterios que tivo en conta o Claustro á hora de determinar a lingua predominante entre o alumnado foron os seguintes:

- 1- A información achegada polos pais e nais ( encuesta)
- 2- O mapa sociolingüístico de Galicia.
- 3- O estudo sociolingüístico realizado no centro.
- 4- Datos estatísticos oficiais

O alumnado procedente do estranxeiro e doutras Comunidades representa neste centro aproximadamente un 15% sobre un total de 197 alumnos/as, polo que é preciso aplicar medidas de apoio e de reforzo por parte dos titores/as e especialistas para que adquiran a competencia lingüística propia do seu nivel educativo.

Podemos destacar que incluso as familias estranxeiras que descoñecen o idioma galega manifestan boas actitudes cara a adquisición do galego na vida escolar e na vida diaria.

➤ **A ambientalidade lingüística do centro**

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade está integrado lingüisticamente na Área Central de Transición, pertencente ao Bloque Central.

Tendo en conta este enclave xeográfico e a situación sociolingüística do centro resulta obvio pensar que case o 75 % da comunidade educativa é galegofalante. No centro existe unha presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.

Con excepcións, toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente,...) emprega o galego nas comunicacións orais e escritas.

En definitiva, pódese dicir que pola alta presenza e uso da lingua galega no contorno podemos definilo como galegofalante.

### 3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Á hora de formular os obxectivos debemos ter en conta a lexislación vixente, coas circunstancias concretas da nosa comunidade educativa e coas necesidades de todos os membros que a compoñen.

Os obxectivos que se relatan a continuación foron consensuados no Plan Xeral para o uso do idioma integrado no P.E. e son os seguintes:

1º.- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua galega en todas as actividades do centro. E escolar do alumnado

2º.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade do galego como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

3º.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar do alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.

4º.- Mellorar a competencia lingüística e valorar positivamente o uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.

5º.- Dinamizar a lingua desde o E.D. L.G. cara o exterior do centro.

6º.- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais de Galicia

### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA


- Velar polo compromiso de que tódolos comunicados se realicen en lingua galega.
- Manter vivas as tradicións con celebracións como “Magosto”, “Samaín”, “Entroido”, “Festa dos Maios”...
- Elaboración de unidades didácticas e outro material multimedia en galego.
- Campañas de fomento dos xogos tradicionais galegos: billarda, trompos, mariola...

- Aproveitar o potencial normalizador das persoas maiores da comunidade educativa realizando charlas, coloquios e outras actividades co alumnado.
- Asistencia a actividades culturais que contribúan á promoción da nosa lingua.
- Visitas culturais: parques etnográficos, castros, museos, portos, vilas... e outras instalacións que se signifiquen pola defensa e promoción da cultura galega
- Intercambios con outros centros de ensino de Galicia.
- 
- Organización de certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio,... en lingua galega.
- Levar a cabo a recollida de material oral e escrito referente ó núcleo temático das receitas gastronómicas típicas da comarca.
- Mantemento da páxina web, elaborada na súa totalidade en galego.
- Procurar a provisión de fondos bibliográficos e fonográficos en lingua galega.
- Solicitar axudas económicas para actividades que promoven o fomento do idioma galego.
- Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.
- Animar aos equipos do centro para que a súa acción incida sobre a súa contorna.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades de Normalización Lingüística.

O centro como centro de ensino público debe cumprir as leis que guían a Normalización da lingua e a súa dinamización. Ademais, como iniciativa propia o centro debe:



Para levar a cabo dita iniciativa ,debe ter certos metas, como por exemplo:



- Que o alumno entenda que a lingua é unha das bases nas que se sustenta a unión entre as xentes do noso país.
- Que se deben implantar hábitos lingüísticos a prol do idioma galego.
- Que debemos tender a xeneralizar o uso do Galego, tanto no Centro como fóra del.
- Que debemos utilizar as dúas linguas oficiais en Galicia de xeito apropiado, e ao mesmo nivel.
- Que esa utilización debe referirse tanto á lingua oral como á escrita.
- Que utilicemos a lingua galega como medio de expresión nos documentos administrativos, agás os que teñan que xurdir efecto fóra da comunidade.
- Que o persoal docente, e non docente acade un grao de dominio da lingua galega que facilite aos alumnos o seu dereito a usala de xeito correcto.
- Que no noso Centro se cumpra a normativa sobre o número de horas semanais e materias a impartir en lingua galega e castelá, como indica a normativa vixente.
- Que en Educación Infantil se utilice a lingua materna predominante, que no noso caso é o galego, tanto de forma oral como escrita.

- Que o profesorado atenda de xeito individualizado a aqueles alumnos que non teñan un coñecemento axeitado da lingua galega ou castelá, para tratar de superar esa deficiencia.
- Que de ningunha maneira se fagan grupos diferentes por razón do coñecemento ou non da lingua galega.
- Que o alumno debe superar os obxectivos mínimos nas áreas de lingua galega e castelá, mediante os criterios de avaliación.
- Que ao final da etapa de Ed. Primaria o alumno adquira unha competencia igualitaria nas dúas linguas oficiais de Galicia.

## 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA												
CIENCIAS NATURAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	3	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	2	G	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G
EF	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELA	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
LIGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	4	C	4	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1	I	1	I	1	I	1	I	1	I	1	I
RELIXIÓN/ PROXECTO COMPETENCIAL	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS											1	C
CASTELÁN												
GALEGO												
INGLÉS												

### 5.A. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO)

Tendo en conta a Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifiquen o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracterizan pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación de *ex novo* ao sistema educativo de Galicia.
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- c) Que a incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria, na educación secundaria obrigatoria ou no bacharelato.

Esta orde ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas de ensino non universitario.

O alumnado poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro para o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Nos casos nos que un alumno/a non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística.

Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumno cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros do Equipo de Ciclo.

As medidas a tomar co alumnado pode ser de dous tipos, tendo en conta se descoñece unha das linguas ou ámbalas dúas.

1) Medidas a tomar co alumnado doutras comunidades autónomas ou países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega. Neste caso adoptaranse medidas de reforzo ou apoio para que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados. Estas medidas concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno/a.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor/a como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

2) Medidas a tomar co alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.

- Estableceranse na avaliación inicial do alumno/ o grao de descoñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACS ou ben asistir a un grupo de adquisición das linguas a partir do 6º nivel de educación infantil. Sempre contando coa colaboración dos titores/as, mestres/as de apoio, mestres especialistas, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación.
- Pódese crear a figura do **voluntario/a lingüístico** ente o alumnado para que sexa unha persoa de apoio cara a adquisición da lingua galega para os alumnos/as estranxeiros.

### Obxectivos:

- Comunicarse basicamente cos compañeiros e co mestre.
- Perder o medo “a facer o ridículo” falando aínda que cometa erros, recoñecendo que estes erros son os que serven para mellorar as súas competencias.
- Acadar outras habilidades comunicativas non verbais (xestos e outros elementos comunicativos non orais).
- Aceptar a necesidade de falar as linguas do lugar onde viven como “vía” para entablar comunicación e relacións cos compañeiros e cos mestres.

En coordinación co titor e co Equipo de Nivel, e tendo en conta a idade e coñecementos previos do alumno, atenderase ó seguinte criterio:

- *Priorizar a aprendizaxe da lingua oral sobre os demais obxectivos: sobre todo aqueles que supoñan o coñecemento da lingua para poderen ser conseguidos. Polo tantos obxectivos relativos a hábitos, normas, valores, colaboración, participación, traballo en grupo... mantéñense no nivel de prioridades indicado na programación. Outros obxectivos poderán ser rebaixados “en prioridade” en relación á consecución das competencias lingüísticas, sobre todo como requisito indispensable para a consecución axeitada de obxectivos nos seguintes niveis educativos.*
  - En canto as actividades propostas, e sempre tendo en conta os datos obtidos da avaliación inicial teranse os seguintes aspectos:
    - Buscar una finalidade comunicativa nas tarefas propostas.
    - Empregarase unha linguaxe simple e sen caer no simplismo.
    - Empregaranse diferentes medios (TIC, audiovisuais...) para acadar os obxectivos propostos.

O titor, en coordinación co Equipo de Nivel, avaliará de xeito continuo o proceso de adquisición das competencias lingüísticas, para incluír as melloras que sexan necesarias.

Unha vez relatadas as medidas xerais pásase a aplicar o **protocolo específico de actuación para alumnos/as non falantes das nosas linguas.**

Ante a situación do Centro e seguindo os principios e criterios que para este fin e alumnado prevé a Lei Orgánica do 6 de maio de 2006 de Educación , e a de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro é preciso deseñar un plano de integración para poder acoller, e integrar a eses alumnos e as súas familias tanto a nivel educativo como a nivel social.

Este plano de integración é un conxunto estruturado de medidas encamiñadas á conseguir a adaptación do alumnado procedente do estranxeiro, que terá que verse reflectidas tanto no Proxecto Educativo, como no Plan de Convivencia, e na Concreción curricular.

En todos estes documentos haberá aspectos que requirirán unha nova redacción para dar cabida a unha realidade diferente.

Para isto elaboraremos un plan que contemple as limitacións coas que se atoparán tanto o alumno como a súa familia , cos seguintes obxectivos:

- Asumir como Centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Favorecer unha adaptación progresiva ao Centro.
- Conseguir que tanto a familia como os alumnos estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara estes alumnos e facilitar o proceso da súa integración.

Os primeiros momentos nos que se establece a relación coas familias e cos alumnos son moi importantes, e requiren unha sensibilidade especial.

Como non coñecen ningunha das nosas linguas poden vir acompañados dun “tradutor” ou non, e pode, que aínda que falen ou entendan algunha delas, descoñezan os nosos costumes e o sistema educativo. Debemos determinar que persoa se vai encargar de falar sempre con eles para transmitirle a información precisa tanto oralmente, como por escrito, traducida ao seu idioma se é posible. Pode ser de utilidade entregarlles o folleto informativo “Escolarización do alumnado procedente do estranxeiro”. Ademais de proceder ao trámite de matrícula, informaráselles sobre outras cuestións da organización do centro: horarios, períodos de vacacións, festivos, normas internas, sistema de avaliación, hora de atención a pais, material escolar, servizos complementarios e servizos sociais do concello. Como remate da entrevista ensinaráselle aos pais e ao alumno as instalacións máis representativas do centro, como son a súa aula, biblioteca, ximnasio, aula informática, secretaría e dirección.

Aproveitarase para recoller da familia unha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral e familiar e intencións de futuro como axuda para a posterior determinación das súas necesidades educativas.

Sería moi útil ter traducidos ao seu idioma os documentos de uso habitual.

Como primeira medida, segundo establece a normativa, escolarizaranse no curso que lle corresponda pola súa idade, aínda que pola información recollida se presupón un grande desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala nada das nosas linguas.

É moi importante para o alumno que chega de fóra, ás veces co curso xa iniciado. A súa integración dependerá en boa medida de como se sinta acollido, de como se lle facilite o desenvolvemento polo Centro e pola clase e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros e o seu titor. A este correspóndelle:

- I. Proporcionarlle unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento.
- II. Que coñeza os espazos da aula e os de uso común do Centro.
- III. Que o grupo, clase, sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva

**Preparación:** O titor estudará, inmediatamente antes dese primeiro día, todos os datos do alumno novo tratando de facerse cargo das posibles dificultades.

Preparará ao grupo falando do novo compañeiro, explicando a súa orixe, nacionalidade, cultura e estimularao a acollelo do xeito o mais positivo posible.

**Recepción:** O alumno chegará ao centro acompañado dun familiar e será recibido pola persoa coa que se relacionou cando veu a matricularse e o seu titor para darlle a benvinda e acompañarano ata a clase. Se descoñece as linguas e no Centro hai alguén que coñece a súa, é conveniente que participe e lle traduza nos primeiros momentos.

**Presentación:** Unha vez na clase será presentado aos seus compañeiros dun xeito natural e acolledor.

Convén controlar as reaccións producidas espontaneamente, comprobando que son as propias da súa idade, evitando unha sobreprotección e erradicando as actitudes de rexeitamento e menosprezo. Debemos aproveitar aos líderes da aula encargándolles que lle presten a súa axuda ou explicación.

Como o novo alumno descoñece os nosos idiomas haberá que buscar a comunicación doutro xeito, axudándonos de gráficos, imaxes ou xestos.

Nomearase durante os primeiros días a un compañeiro como alumno-titor que será un neno ben disposto, acoledor e comunicativo para sentalo ao seu lado e axudarlle. As súas funcións serán:

- IV. Facilitar a súa integración, evitando o illamento inicial ou no tempo de lecer.
- V. Presentalo a outros compañeiros, profesores, etc.
- VI. Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- VII. Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- VIII. Orientalo sobre o funcionamento do Centro.
- IX. Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

O profesor titor procederá a determinar as súas necesidades educativas a través dunha avaliación inicial. Como descoñecen as nosas linguas, buscarase algunha área nas que estas non sexan precisas para determinar os seus coñecementos, como as matemáticas, plástica... No caso de apreciar outras necesidades, ademais das asociadas á condición da súa procedencia o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados das anteriores avaliacións estableceranse as medidas de atención específicas. As de tipo curricular son as establecidas con carácter xeral para a atención á diversidade: o reforzo educativo, as adaptacións curriculares e a flexibilización da idade deben facerse dentro da aula ordinaria para unha mellor integración.

As de tipo organizativo que son agrupamentos flexibles e temporais son específicas para estes alumnos: grupos de adquisición das linguas, grupos de adaptación da competencia curricular.

O establecemento destas medidas e a súa solicitude á Inspección é unha boa ocasión para implicar a todos os profesores na atención a estes alumnos. É preciso citar aos pais para comunicarlles estas medidas que se van establecer cos seus fillos para aumentar a relación e a confianza co Centro educativo. Esta entrevista debe estar preparada polo titor e haberá que previr os medios para facerse entender no seu caso.



Durante todo o curso o Centro programará unha serie de actividades que faciliten a integración destes alumnos tales como:

- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe destes alumnos, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas, así como os nomes dos obxectos máis usuais da clase e de uso común.
- Actividades deportivas que facilitan a relación dos alumnos estranxeiros co resto do alumnado porque non require, nun primeiro momento, coñecemento do idioma e facilita a aprendizaxe do mesmo dunha forma lúdica. Aproveitaremos os deportes nos que estes alumnos sexan máis destros.
- Actividades plásticas e musicais: Xogos, realización de murais, traballos de presentación visual ou musical, sinxelas representacións...
- Actividades culturais tanto para os alumnos como para as familias, para informalos sobre os seus dereitos e a solución de problemas que se poidan encontrar na vida diaria.
- Realizar ciclos culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das culturas que conviven no centro referentes a artesanía, gastronomía, folclore, etc.


Este plan de integración contemplará a avaliación da súa posta en marcha e do seu desenvolvemento. O Equipo de dinamización Lingüística ten un papel relevante como dinamizador e colaborará na difusión da avaliación a través dos coordinadores de ciclo.

Os instrumentos máis comúns serán as enquisas e os cuestionarios e os seus destinatarios, coas necesarias adaptacións, serán as familias, os profesores e, cando a idade o permita, os mesmos alumnos. Non deben ser moi extensos, pero deben recoller os aspectos mais significativos das accións enumeradas no plan.

## 6. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

O Currículo Integrado das Linguas (CIL) supón coordinar a actuación educativa relacionada coas linguas presentes no currículo escolar.

En concreto, o CIL supón deseñar **situacións de aprendizaxe** de tal forma que se traballen na aula **tarefas e textos en distintas linguas** de maneira ordenada e graduada en diferentes niveis de competencia para evitar as interferencias e as repeticións no proceso de ensino-aprendizaxe das linguas cooficiais.



Para favorecer a garantía de adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán) , así como o coñecemento efectivo en lingua estranxeira (inglés); a continuación se explica o uso das linguas nas dúas etapas educativas que se imparten neste centro.

## EDUCACIÓN INFANTIL:

A lingua materna predominante do noso alumnado, será determinada polo centro educativo a partires do resultado da análise da entrevista inicial que se lles fai aos pais/nais/titores legais sobre a lingua materna do seu fillo/a, cando se matricula no 4º nivel de Educación Infantil.

O resultado da entrevista sobre a lingua materna no curso 2023-24 é o seguinte:

- 11 nenos/as: galego.
- 3 nenos/as: castelán.
- 2 nenos/as: galego e castelán.

O profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado: no noso caso o galego

A segunda lingua oficial: o castelán, será introducido inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escritura, respectando os límites da etapa, polo que será introducido paulatinamente con actividades como:

- x Xogos interactivos lingüísticos: adiviñas, retaiñas, pareados e rimas sinxelas, sortes para os xogos, responder ou rematar frases,...
- x Imaxes: asociar palabras a imaxes, clasificar imaxes por vocabulario temático, explicar acción,..
- x Contos: manipular e contar eles mesmos o conto, escoitar o conto contado por un compañeiro maior e por un adulto, modificar o final do conto, inventar un conto,...
- x Cancións e retrosos: escoitar cancións con ritmos moi marcados, aprender retrosos sinxelos,...
- x Dramatizacións: xogos de disfraces, uso de títeres e monicreques,...

A lingua estranxeira: inglés, é introducida nesta etapa de xeito oral, a través de actividades como:

- Audicións
- Cancións
- Xogos de saúdo, peticións,..
- Imaxes de vocabulario temático: cores, familia, partes da casa, estancias do colexio, animais, meteoroloxía e días da semana.

## **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

En cada nivel de educación primaria, garantirase a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia, tendo en conta a normativa e tal e como se recolle no cadro do punto 5.

O ALUMNADO DEBERÁ EMPREGAR, CON CARÁCTER XERAL, A LINGUA EN QUE SE IMPARTE CADA ÁREA, MATERIA OU MÓDULO. NAS MATERIAS NON LINGÜÍSTICAS, O PROFESORADO PROCURARÁ QUE A AVALIACIÓN DO DOMINIO DE LINGUA QUE TEÑA O ESTUDANTE RESPECTO ÁS SÚAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E QUE SE ORIENTE CARA A ADQUISICIÓN EN IGUALDADE DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS. A AVALIACIÓN REALIZARASE DE CONFORMIDADE COS CRITERIOS DO CORRESPONDENTE CURRÍCULO NORMATIVAMENTE APROBADO, POLO QUE NO PODERÁN PREVALECER OS CRITERIOS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NO IDIOMA VEHICULAR SOBRE OS COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS EN CADA MATERIA.

## **7. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA**

### **7.A. COMPOSICIÓN**

<b>Nome Coordinador/</b>	<b>Horas redución</b>
María Luisa Otero García	1
<b>Nome equipo apoio/dinamización</b>	
Susana Varela Fernández	
María Luz Chorén Belay	
Pilar Bendoiro Mariño	
Rocío Maril Yáñez	

### **7. B FUNCÍONS**

. OS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA TERÁN UN PAPEL FUNDAMENTAL NO DESEÑO, POSTA EN PRÁCTICA E REVISIÓN DOS PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CENTROS EDUCATIVOS, CONTARÁN CO APOIO TÉCNICO NECESARIO E OS CENTROS EDUCATIVOS 9.246 DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 97 MARTES, 25 DE MAIO DE 2010 TERÁN A DEBIDA DOTACIÓN DE RECURSOS DIDÁCTICOS, PEDAGÓXICOS E MATERIAL EN GALEGO

## COMPETENCIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar,
  - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, oplan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

## 8. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

### 8.1. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

Obxectivo: dinamizar o Samaín para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	-Creación de contos de medo, que posteriormente serán contados na biblioteca por parte do alumnado dos cursos máis altos ao resto de alumnado do centro. Deseño, redacción e divulgación dun menú especial de Samaín. Colaboración na decoración do centro axeitada á temática do Samaín.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan de ler, escoitar e crear contos de medo.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as		
<b>Recursos e materiais</b>	Contos de medo seleccionados da biblioteca escolar e material funxible.		

Obxectivo: dinamizar o Magosto para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	-Organización da festa do Magosto e exposición de froitos de outono decorados coa temática do Mundo .		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado gusta de festexar as festas tradicionais galegas.		
<b>Responsables</b>	EDLG, titores/as e Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares.		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso.		

Obxectivo: dinamizar o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Exposición de reprodución de murais graffiti coa temática da igualdade, a muller e a non discriminación nin maltrato elaborados en cidades e vilas de todo o mundo. Canción e acto reivindicativo.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os cativos achéganse as imaxes e palabras relevantes en prol da igualdade rexeitando a violencia de xénero.		
<b>Responsables</b>	EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Plástico de forrar, témperas, sprays...		

Obxectivo: Club de Xornalistas polo mundo			
<b>Acción 1</b>	-Entrevistas a persoas de Vila de Cruces que proceden doutros países ou que emigraron a outros lugares do mundo		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan da gravación e transcripción de entrevistas.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso, cámara de vídeo, ordenador e tablet.		

Obxectivo: Creación de vídeos musicais sobre lugares do mundo			
<b>Acción 1</b>	- Elaboración de guía de viaxes tipo Tik Tok co uso de Chrome para falar de diferentes países, monumentos....		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan da elaboración de vídeos		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso, cámara de vídeo , ordenador, tablet...		

Obxectivo: dinamizar o día da Paz e non Violencia para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	-Redacción dun manifesto pola paz, que será o eixe fundamental dun acto conmemorativo. Realización dun mural.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan da elaboración do mural colaborativo e da realización de actos conmemorativos.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso.		

Obxectivo: dinamizar o Entroido para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	-Investigación dos diferentes entroidos tradicionais galegos, facendo fincapé nos Xenerais da Ulla. Realización dos mandados do Meco.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan de coñecer e festexar as festas tradicionais galegas.		
<b>Responsables</b>	EDLG, titores/as e Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares.		
<b>Recursos e materiais</b>	Materias funxibles diversos.		

Obxectivo: dinamizar o día de Rosalía para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Compartir cos comercios de Vila de Cruces carteis con versos significativos de Rosalía decorados con manualidades tamaño A3 para expoñer nos escaparates da vila.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas aprecian a achega da autora á literatura e cultura galegasw.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as.		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso.		

Obxectivo: dinamizar a Semana da Prensa para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Elaboración dun xornal audiovisual colaborativo onde participarán todos os niveis, atendendo ás diferentes seccións do xornal e centrándonos en noticias de diferentes países.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os alumnos/as elaboran e presentan telexornal con noticias internacionais.		
<b>Responsables</b>	EDLG, Equipo de Biblioteca, Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares e		

	titores/as.
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos dixitais, material funxible...

<b>Obxectivo:</b> dinamizar o día da Poesía para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Coñecemento algún poeta/isa da contorna e achegamento á súa poesía.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumando gusta do recitado de poesías e coñece poetas e escritores da contorna		
<b>Responsables</b>	EDLG, Equipo de Biblioteca e titores/as.		
<b>Recursos e materiais</b>	Materiais funxibles diversos.		

<b>Obxectivo:</b> creación de carteis sobre palabras en 100 idiomas			
<b>Acción 1</b>	Creación de murais/carteis con palabras en 100 idiomas.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas gustan da elaboración do murais colaborativos		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso, pinturas.		

<b>Obxectivo:</b> dinamizar a Semana das Letras Galegas para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Realización de investigacións sobre a autora homenaxeada Luisa Villalta empregado tódalas ferramentas TIC que teñamos á nosa disposición.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumnado pescuda para descubrir acerca da autora homenaxeada e elabora produtos finais.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as.		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos plásticos diversos e recursos Tics.		
<b>Acción 2</b>	Festival das LG a finais de curso con obras de teatro en lingua galega		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas cantarán e dramatizarán en galego		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as.		
<b>Recursos e materiais</b>	Material funxible diverso.		
<b>Acción 3</b>	Lemas en prol do galego. Creación de chapas		
	<b>Temporalización</b>		



	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Os nenos e nenas crearán un lema en prol da defensa do uso do galego, que despois se imprimirá en chapas para o alumnado.		
<b>Responsables</b>	EDLG e titores/as.		
<b>Recursos e materiais</b>	Máquina de crear chapas		

<b>Obxectivo:</b> elaboración do Xornal CARPACEDO para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Elaboración de traballos por niveis.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Cada curso fará unha achega que se compilará no xornal escolar "Carpacedo".		
<b>Responsables</b>	EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Tinta impresora e papel para imprimir os exemplares.		

<b>Obxectivo:</b> celebrar o concurso literario para lograr os obxectivos descritos no PL:			
<b>Acción 1</b>	Redacción de narracións curtas con premiados por niveis.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	O alumando presenta traballos narrativos seguindo unhas bases establecidas na páxina web e escóllense a dous/dúas gañadores/as por nivel.		
<b>Responsables</b>	EDLG		
<b>Recursos e materiais</b>	Agasallos para os gañadores e/ou gañadoras (libros en galego). Agasallo relativo ao galego para todos e todas as participantes.		

## 8.2. INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS SOCIOLINGÜÍSTICAS ENTRE CENTROS

**Intercambios coa Escola Infantil Galiña Azul de Vila de Cruces.**

**Descrición:**

Está situada ao carón deste Centro. O que se pretende é que os alumnos e alumnas de educación infantil coñezan nesta visita aos nenos/as máis pequenos desta escola. Tamén se lle dará a oportunidade a estes nenos/as de visitar o noso centro para que coñezan os que van a ser o seus compañeiros/as uns anos mais tarde

Todos xuntos intercambiarán emocións, xogos, cancións,....

**Obxectivo:** Intercambiar experiencias, coñecementos, manifestacións culturais e lingüísticas cos alumnos/as doutros centros educativos.

**Destinatarios:** O alumnado de infantil.

**Temporalización:** 1º y 3º Trimestre.

- **Intercambio cos alumnos do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces.**

**Descrición:**

Esta actividade consiste en realizar un intercambio de ideas e experiencias co alumnado da ESO do IES de Vila de Cruces nunha xornada de Portas Abertas coa intención de que coñezan este centro, os profesores /as e compañeiros/as do curso vindeiro.

**Obxectivo:** Intercambiar experiencias, coñecementos, manifestacións culturais e lingüísticas cos alumnos/as doutros centros educativos.

**Destinatarios:** O alumnado de 6º de primaria

**Temporalización:** 3º Trimestre.

### **8.3. INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS SOCIOLINGÜÍSTICAS CO CONTORNO**

- **Visita á Residencia de Anciáns de Vila de cruces.**

Pretendemos que os residentes nos conten as súas lembranzas de cando eles eran nenos/as, que nos ensinen algunha lenda, canción, poema, etc.

**Obxectivo:** Recuperar as manifestacións culturais do contorno a través do contacto cos maiores.

**Destinatarios:** O alumnado.

**Temporalización:** 1º Trimestre.

- **Visita aos comercios da vila para expor os carteis con lemas de Rosalía de Castro.**

**Obxectivo:** Recuperar as manifestacións culturais do contorno a través do contacto cos veciños/as.

**Destinatarios:** O alumnado.

**TEMPORALIZACIÓN:** 2 º TRIMESTRE.

### **8.4. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

A coordinadora do EDLG dará a coñecer os diferentes cursos e Seminarios programados para este curso académico relacionados coa lingua galega. Algúns destes cursos xa están expostos na páxina de formación no Portal da Consellería de Educación.

**Obxectivo:** Mellorar a competencia lingüística do profesorado en lingua galega.

**Destinatarios:** Os profesores.

**Temporalización:** Todo o curso.

### 8.5. PARTICIPACIÓN EN OUTRAS ACTIVIDADES. AO LONGO DO CURSO

- Participación no Programa Escolar “**Xogade**”, que organiza a Secretaría Xeral para o Deporte, xunto cunha serie de centros da comarca.
- Emprego de **MATERIAL MULTIMEDIA**, segundo o indicado no plan de dinamización das TIC, como recurso educativo en galego: tentarase, na medida do posible, introducir na dinámica diaria das aulas materiais informáticos, multimedia e internet en lingua galega.
- Confección e mantemento da **PÁXINA WEB**:
- **Animación á lectura:** sesións de contacontos, conferencias e emprego dos servicios da Biblioteca municipal.
- **CONCURSO LITERARIO:** tomando como centro de interese a mascota da biblioteca do centro desenvolverase un concurso literario no terceiro trimestre, no cal se obsequia con libros como agasallo.

### 8.6. SAÍDAS CULTURAI ENCAMIÑADAS Ó COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA E A CULTURA GALEGAS.

O longo do curso lévanse a cabo unha serie de **saídas culturais**, co coñecemento do Claustro e aprobadas polo Consello Escolar co obxectivo de coñecer e profundizar na cultura galega. Coordinadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Estas saídas secuencianse ó longo de varios cursos coa finalidade de que os alumnos/as acaden un coñecemento paulatino de Galicia. Como exemplo as realizadas nos últimos cursos:

- Visitas a Santiago de Compostela ( Museo do Pobo Galego, Parlamento, Catedral,...)
- Visita a A Coruña ( Acuarium, Planetario, Domus, torre de Hércules, ...).
- Visita a O Grove ( Acuario, Siradella, Catamarán,...).
- Visita a Ourense ( catedral de Ourense, catamarán polo Sil, Manzaneda,...)

- Visita a Lugo (catedral, murallas,...)
- Visitas a Pontevedra (Museo, estación de tren, Salón do Libro, actividades de Caixanova)
- Visita a Vigo (zoo, aeroporto, Samil).
- Excursión ao Parque natural de Corrubedo, dunas, faro, Lagoa de Vixán, Santa Uxía de Ribeira ...
- Saída á vila de Allariz, museos etnográfico e do xoguete, mosteiro de San Pedro de Rocha.
- Visitas a diversos castros como o de Neixón, en Boiro ou de de Broña, en Porto do Son.
- Excursión pola Ría de Muros e Noia, visitando Noia, Muros, Carnota, Cee, Corcubión e Fisterra, así como o castro de Boneiro e o Dolmen de Dombate.
- Outras de diversa índole ao entorno próximo: Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, Observatorio Astronómico de Forcarei, castro de San Antonio de Penalba, granxas, plantacións...

## 9. PLURILINGÜISMO

### SECCIÓNS BILINGÜES

Este ano temos concedidas sección bilingüe extraordinarias desde 4º a 6º nivel de E. Primaria.

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
4º EP	1	20	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés
5º EP	1	20	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés
6º EP	1	28	2	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés

## CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	1	19	Educación Plástica e Visual	Inglés
2º EP	2	33	Educación Plástica e Visual	Inglés
	1	24	Educación Plástica e Visual	Inglés

## MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

En canto ao alumnado, valoraranse os seguintes aspectos:

- Motivación e esforzo polo emprego da lingua estranxeira.
- Adquisición das catro destrezas lingüísticas de xeito integrado, dando prioridade á comprensión e expresión orais.
- Coñecemento e apreciación da diversidade cultural.
- Grao de consecución dos obxectivos da área ou materia a tratar.
- Adquisición dunha boa competencia lingüística na lingua estranxeira.

## MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Este curso, polo momento, non temos Auxiliar de Conversa.

## 10.AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

Ao longo de cada curso escolar, ao rematar cada trimestre, farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de Xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese...